



En relación coa solicitude de conversión de consorcio a convenio do monte “Comunal de Herosa” integrado por 250 has do consorcio “Comunais da Gudiña” OR-2063 e 1.250 has do consorcio “Comunais da Gudiña OR-3029, da pertenza dos veciños de Herosa, Concello da Gudiña (Ourense), presentada o 14 de marzo de 2005 conforme ao acordo da Asemblea xeral da Comunidade celebrada en data 12 de marzo de 2005, infórmolle o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º- Que o monte “Comunal de Herosa” foi clasificado o 25 de xuño de 1.976 polo Xurado Provincial de M.V.M.C. de Ourense.

2º- Que o consorcio “Comunais da Gudiña” OR-2063 foi aprobado polo Patrimonio Forestal do Estado o 19 de outubro de 1.953, posúe unha superficie 607,55 has das que 250 has pertencen a Herosa.

3.- Que o consorcio “Comunais da Gudiña” OR-3029 foi aprobado por escritura pública de 8 de agosto de 1961 pola que o Patrimonio Forestal do Estado se subroga nas obrigas derivadas do consorcio coa Deputación Provincial de Ourense. Ten na actualidade unha superficie de 3.087,15 has das que 1.250 has pertencen aos veciños de Herosa.

4º.- Que o convenio que se propón quedaría integrado por 1.500 has., 250 has procedentes do consorcio OR-2063 e 1250 procedentes do consorcio OR-3029.

5º.- Que segundo as bases do convenio polo que se pretende transformar parte dos consorcios OR-2063 e OR-3029 a Consellaría aportaría a esta modificación de contrato a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizarase en concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese do 1% anual.

6º.- Que a duración do presente convenio asinarase por un período de 30 anos mais segundo o cuarto parágrafo da décima cláusula en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento a Consellaría do Medio Rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

7º- Que a especie a utilizar preferentemente na repoboación forestal será o *P. sylvestris*, e *P. Pinaster*

8º- Que segundo as contas dos consorcios o monte “Comunal de Herosa” ten un saldo de:

saldo do consorcio OR- 2063..... 10.281,65 € a favor da Xunta de Galicia

saldo do consorcio OR- 3029..... 66.409,22 € a favor da Xunta de Galicia

Total gastos..... **76.690,87 € a favor da Xunta de Galicia**



Por todo isto,

PROPOÑEMOS:

1.- Que se aprobe o convenio do monte das seguintes características

Nome: "Comunal de Herosa"
Número de elenco: 321/55254
Superficie: 1.500 has.
Pertenza: Herosa
Termo municipal: A Gudiña
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da comunidade no voo: 70%
Participación da Consellería no voo: 30%
Saldo inicial do convenio: **76.690,87 € a favor da Xunta de Galicia**

2.- Que no sucesivo o consorcio "Comunais da Gudiña" OR-2063, teña as seguintes características:

Nome: "Comunais da Gudiña"
Número de elenco: OR-2063
Superficie: 357,55 has.
Pertenza: Parada da Serra
Termo municipal: A Gudiña
A restar da conta de gastos (1997-2006) 19.674,31 €
A restar da conta de ingresos 13.145,82 €.

3.- Que no sucesivo o consorcio "Comunais da Gudiña" OR-3029, teña as seguintes características:

Nome: "Comunais da Gudiña"
Número de elenco: OR-3029
Superficie: 1.837,15 has.
Pertenza: Parada da Serra e Carracedo da Serra.
Termo municipal: A Gudiña
A restar da conta de gastos (1997-2006) 68.274,05 €
A restar da conta de ingresos 18.267,94 €.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2007

O Director Xeral de Montes e Industrias Forestais


Alberte Blanco Casal

Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.
Santiago de Compostela.-



En relación co expediente remitido pola D.X.de Montes e Industrias Forestais relativo a conversión do **Consortio a Convenio do monte “Comunal de Herosa”** integrado por 250 Has do consorcio “Comunais da Gudiña OR-3029”, de pertenza dos veciños de Herosa, concello de A Gudiña (Ourense), exprésase como criterio desta asesoría xurídica:

1.- Que o monte “Comunal de Herosa” foi clasificado o 25 de xuño de 1976, polo xurado provincial de M.V.M.C. de Ourense.

2.- Con data, 12/03/2005, D. Anacleto Sierra Fenández, presidente da Comunidade de Montes Veciñais en man común de Herosa, propietaria polo monte “Comunal de Herosa”, en virtude do acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria do 12-03-2005, solicita a anulación do consorcio vixente na parte do monte que lles afecta, e o paso a convenio coa Consellaría

O consorcio “Comunais da Gudiña” OR-2063 foi aprobado polo patrimonio forestal do Estado o 19-10-1953, posúe unha superficie de 607,55Has, das que 250 Has pertencen a Herosa.

O consorcio “Comunais da Gudiña” OR-3029 foi aprobado por escritura pública de 08-08-1961 pola que o Patrimonio Forestal do Estado se subroga nas obrigas derivadas do consorcio coa subroga nas obrigas derivadas do consorcio coa Deputación Provincial de Ourense. Ten na actualidade unha superficie de 3.087,15 Has das que 1.250 Has pertencen aos veciños de Herosa.

O convenio que se propón quedaría integrado por 1.500 Has, 250 Has procedentes do consorcio OR-2063 e 1.250 procedentes do Consorcio OR-3029.

3.- A Disposición adicional segunda da Lei 13/0989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común, sinala que as comunidades propietarias de montes de veciños consorciadas ou con convenios coa administración, e con independencia que neles fosen parte os concellos ou Deputacións Provinciais, poderán optar por subrogarse no consorcio ou convenio preexistente, realizar un novo convenio ou resolver o existente...



Igualmente o artigo 25 da Lei sinala que a Consellaría de agricultura daralle aos montes veciñais en man común carácter preferente nas súas actuacións de fomento e mellora da produción agraria...Ademais desempeñará as seguintes funcións:

- Realizar convenios dirixidos a un mellor aproveitamento do monte con aquelas Comunidades de veciños que así o soliciten.

4.- O Informe de data 06/03/2007 do Director Xeral de Montes e Industrias Forestais propón o seguinte:

1.- Que se aprobe o convenio do monte das seguintes características:

Nome de monte: "Comunal de Herosa"

Número de elenco: 321/55254

Superficie: 1.500 Has.

Pertenza: Herosa

Termo municipal: A Gudiña

A contabilizar en concepto de Subvención: 50%

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1% anual

Participación da comunidade propietaria no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo: 30%

Saldo inicial do convenio: 76.690,87 € a favor da Xunta de Galicia. €

2.- Que no sucesivo o consorcio "Comunais da Gudiña"OR-2063, teña as seguintes características:

Nome: "Comunais da Gudiña"

Elenco: OR-2063

Superficie: 357,55 Has

Pertenza: Parada da Serra

Termo municipal: A Gudiña

A restar da conta de gastos (1997-2006): 19.674,31 €



A restar da conta de ingresos: 13.145,94€

3.- Que no sucesivo o consorcio "Comunais da Gudiña" OR-3029, teña as seguintes características:

Nome: "Comunais da Gudiña"

Elenco: OR-3029

Superficie: 1.837,15 Has

Pertenza: Parada da Serra e Carracedo da Serra

Termo municipal: A Gudiña

A restar da conta de gastos (1997-2006): 68.274,05 €

A restar da conta de ingresos: 18.267,94 €

5.- A Dirección Xeral de Montes formula proposta de Resolución, reiterando os termos do informe do servizo de montes de Ourense.

6.- En vista de tódolos antecedentes obrantes no expediente administrativo, esta asesoría vistas as disposicións legais de aplicación, informa favorablemente a proposta pola que se rescinde o consorcio e a súa conversión en convenio coas características sinaladas na proposta de resolución da Dirección Xeral de Montes de Montes e Industrias Forestais, correspondéndolle a aprobación e sinatura de convenio ao Sr. Conselleiro.

Santiago, 23 de marzo 2007

O Asesor xurídico

Juan José Lois Barcia



XEFE DE SERVIZO DE XESTIÓN DE MONTES



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola Asesoría Xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

1.- Aprobar o convenio do monte das seguintes características

Nome: "Comunal de Herosa"
Número de elenco: 321/55254
Superficie: 1.500 has.
Pertenza: Herosa
Termo municipal: A Gudiña
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da comunidade no voo: 70%
Participación da Consellería no voo: 30%
Saldo inicial do convenio: **76.690,87 € a favor da Xunta de Galicia**

2.- Que no sucesivo o consorcio "Comunais da Gudiña" OR-2063, teña as seguintes características:

Nome: "Comunais da Gudiña"
Número de elenco: OR-2063
Superficie: 357,55 has.
Pertenza: Parada da Serra
Termo municipal: A Gudiña
A restar da conta de gastos (1997-2006) 19.674,31 €
A restar da conta de ingresos 13.145,82 €.

3.- Que no sucesivo o consorcio "Comunais da Gudiña" OR-3029, teña as seguintes características:

Nome: "Comunais da Gudiña"
Número de elenco: OR-3029
Superficie: 1.837,15 has.
Pertenza: Parada da Serra e Carracedo da Serra.
Termo municipal: A Gudiña
A restar da conta de gastos (1997-2006) 68.274,05 €
A restar da conta de ingresos 18.267,94 €.



Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2007

O CONSELLEIRO



Alfredo Suárez Canal



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo - San Lázaro - SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONVENIO

N.º	321	55254
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a 26 de marzo de dous mil sete

REUNIDOS

Dunha banda, D. Alfredo Suárez Canal, Conselleiro do Medio Rural, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. Anacleto Sierra Fernandez, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común da Herosa (A Gudiña), segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ao abeiro do previsto na Lei 13/89, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o Regulamento da Lei 5/1977 de fomento da produción forestal, modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia, e sempre e cando non se contradiga a Lei 43/2003 do 21 de novembro, modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 19-10-1953 (OR-2063) e 08-08-1961 (OR-3029) para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) ~~A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (risquese, de non existir).~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade de Montes da Herosa

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Comunal da Herosa

Termo municipal: A Gudiña

Provincia: OURENSE

C.M.V.M.C. - 2

Situación administrativa e legal MVMC por Resolución de 25 de xuño de 1976

Límites:

N.: T.M. de Vilariño de Conso e camiño de Serra Seca

S.: Estrada Xeral N-525 e MVMC de San Lourenzo

L.: MVMC de A Gudiña e MVMC de Pentes

O.: MVMC de San Lourenzo e MVMC de Parada da Serra

Superficie: 1.500 Has.

Estado forestal: unhas 100 Has. arboradas con P. pinaster e algúns redais illados de P. pinaster e P. sylvestris.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: -----

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: a súa totalidade.

Sen vexetación arbórea: Servidumes: as usuais de paso.

3ª.- O chan continuará pertencendo a Comunidade de Montes da Herosa

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa portenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería do Medio Rural aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincuenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincuenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería do Medio Rural, e os ingresos desta considerárase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR-2063 (250 Has.) e OR-3029 (1.250 Has.).

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería do Medio Rural.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA por cento será para a Consellería do Medio Rural, e o SETENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería do Medio Rural recibirá o ----- por cento, e a comunidade propietaria, o ----- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería do Medio Rural excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería do Medio Rural procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería do Medio Rural, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería do Medio Rural asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de TRINTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería do Medio Rural, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular. do Medio Rural

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería do Medio Rural se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa da algunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería do Medio Rural do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería do Medio Rural, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. Pinaster e P. sylvestris coma especies principais.

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería do Medio Rural interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don Luis Miguel Segovia García, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "Comunal da Herosa", propiedade dos veciños de Herosa (A Gudiña).

2.—Que, así mesmo, figura Don Anacleto Sierra Fernandez, e Don Eladio Rúa Pousa, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 24-07-2008

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense a 13 de decembro de 2006.



Don Eladio Rúa Pousa, Secretario de Comunidade de Montes da Herosa

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 12 de marzo do 2005 estando designado Don Anacleto Sierra Fernandez representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Herosa

a de.....dous mil.....

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.: Anacleto Sierra Fernandez

Asdo. Eladio Rúa Pousa

Don Alberte Blanco Casal, Director Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Pola Consellería do Medio Rural

Asdo.: Anacleto Sierra Fernandez



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



En relación coa solicitude de rescisión parcial de 15 ha do convenio do monte "Comunal de Herosa" 32155254, da pertenza da comunidade de veciños da Herosa do concello da Gudiña (Ourense), presentada o 28 de outubro de 2008 conforme ao acordo da Asemblea da Comunidade celebrada en data 12 de outubro de 2008, infórmolle o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Que o MVMC "Comunal de Herosa" foi clasificado en data 25 de xuño de 1976 a favor dos veciños de Herosa.

2º.- Que o convenio 32155254 "Comunal de Herosa" foi aprobado por Resolución do Conselleiro do Medio Rural de data 26 de marzo de 2007 cunha superficie de 1.500 ha.

3º.- Que o monte de Herosa non ten ningún Plan de Xestión aprobado, nin consta na relación de montes en certificación forestal da Xunta de Galicia.

4º.- Que a parcela obxecto de rescisión está poboada por vexetación arbustiva, Ericas, sp. Principalmente.

5º.-Que, segundo as bases do convenio asinado a Consellaría aporta ao convenio as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizouse en concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese do 1% anual.

6º.- Que, a duración do presente convenio asinouse por un período de 30 anos mais segundo o cuarto parágrafo da décima cláusula en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento a Consellaría do Medio Rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

7º.- Que segundo as contas do convenio do monte 32155254 "Comunal de Herosa" presentan una débeda correspondente a parte a rescindir (15 ha) de 764,94 €.

Por todo isto,

PROPOÑEMOS:

1º. - Que se aprobe a rescisión parcial de 15 ha do convenio do monte "Comunal de Herosa" 32155254 da pertenza da Comunidade de veciños da Herosa, concello de A Gudiña (Ourense).

2º.- Que previa á rescisión e visto antes informe positivo da Asesoría Xurídica, os propietarios ingresen a cantidade de 764,94 €, importe adebedado a Xunta de Galicia para poder rescindir as 15 has da súa propiedade.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2009

O Director Xeral de Montes e Industrias Forestais


Alberte Blanco Casal



*Informado favorablemente
pola Asoría Xurídica,*

Santiago,

26.01.09
Pablo Figueroa Dorrego

Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-
Santiago de Compostela.-

32155254




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Montes

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010
Galicia



Con data 6 novembro de 2009, o Conselleiro do Medio Rural ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

- 1º. - Aprobar a rescisión parcial de 15 ha do convenio do monte "Comunal de Herosa" 32155254 da pertenza da Comunidade de veciños da Herosa, concello de A Gudiña (Ourense).
- 2º.- Que previa á rescisión e visto antes informe positivo da Asesoría Xurídica, os propietarios ingresaron a cantidade de 764,94 €, importe adebedado a Xunta de Galicia para poder rescindir as 15 has da súa propiedade.
- 3º.- Que no sucesivo o convenio "Comunal de Herosa" 32155254 teña as seguintes características:

Nome: Comunal de Herosa
Elenco: 32155254
Superficie: 1.485 ha
Pertenza: Comunidade de Veciños de Herosa.
Concello: A Gudiña.
A restar do saldo do convenio :764,94 €.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

O que comunico para os efectos oportunos.

A través dese Servizo deberá notificarse esta resolución á/ás comunidade/s propietaria/s.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2009

O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,



José Luis Chan Rodríguez



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes, e logo dos informes favorables emitidos pola Asesoría Xurídica e polo xefe do servizo de Montes de Ourense,

RESOLVO:

1º. - Aprobar a rescisión parcial de 15 ha do convenio do monte "Comunal de Herosa" 32155254 da pertenza da Comunidade de veciños da Herosa, concello de A Gudiña (Ourense).

2º.- Que previa á rescisión e visto antes informe positivo da Asesoría Xurídica, os propietarios ingresaron a cantidade de 764,94 €, importe adebedado a Xunta de Galicia para poder rescindir as 15 has da súa propiedade.

3º.- Que no sucesivo o convenio "Comunal de Herosa" 32155254 teña as seguintes características:

Nome: Comunal de Herosa
Elenco: 32155254
Superficie: 1.485 ha
Pertenza: Comunidade de Veciños de Herosa.
Concello: A Gudiña.
A restar do saldo do convenio :764,94 €.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2009



Samuel Jesús Juárez Casado